

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 28 de novembro de 2024 pola que se nomea persoal funcionario de carreira o persoal que superou o procedemento selectivo das prazas de PAS funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal correspondentes aos subgrupos A2 e C2.

Publicada polo tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de PAS funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal, convocadas pola Resolución reitoral do 9 de xaneiro de 2024 (DOG do 18 de xaneiro e BOE do 29 de xaneiro), a proposta definitiva de persoal seleccionado correspondente aos subgrupos A2 e C2, unha vez rematado o prazo establecido na base 8.1, e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta parcial feita polo tribunal cualificador e nomear funcionarios/as de carreira as persoas que superaron o proceso selectivo e acreditaron reunir os requisitos establecidos na base 2 da convocatoria segundo se relaciona no anexo desta resolución. Non se inclúen nesta proposta as persoas aspirantes Berta Porto Leis, Sonia González Rodríguez e María Teresa Lodeiro Vales por teren a condición de persoal funcionario de carreira na escala auxiliar ao teren superado o proceso selectivo convocado pola Resolución reitoral do 18 de outubro de 2021 e teren tomado posesión.

Segundo. Para adquiriren a condición de funcionario/a de carreira, as persoas as cales se refire o anexo desta resolución deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes que comezará a computarse a partir do 16 de decembro de 2024.

No caso de que as persoas aspirantes se encontren en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberán acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales se poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de

CVE-DOG: 5ykvks3-5gd6-aww1-go50-2nlv6e6tlnq8



Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: 5ykkvks3-5gd6-awv1-go50-2nlv6e6tlnq8





ANEXO

Escala de xestión. Subgrupo A2

Núm orde	DNI	Apelidos e nome	Destino	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus	Observacións
1	***0620**	Pérez Vázquez, Ana María	Provisional	PF000113	Responsable de unidade. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Veterinaria	A1/A2/C1	24	Mañá	Lugo	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
2	***3115**	Torreiro Taboada, Ana	Provisional	PF000969	Técnico de xestión. Área de Xestión de Investigación	A2	21	Mañá	Compostela	

Escala auxiliar. Subgrupo C2

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Destino	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus	Observacións
1	***5682**	Losada Montero, Julia	Definitivo	PF000606	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Ciencias da Educación	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
2	***2879**	Rubinos Traseira, Verónica	Definitivo	PF000887	Posto base. Centro de Linguas Modernas	C1/C2	17	Mañá	Compostela	Certificado negativo de delitos sexuais
3	***6031**	Cunqueiro Suárez, Ana María	Definitivo	PF000605	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Ciencias da Educación	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
4	***2315**	Varela Balay, Irwin	Definitivo	PF000629	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Medicina e Odontoloxía	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
5	***1505**	Mato Ríos, José Antonio	Definitivo	PF000634	Posto base. Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Química	C1/C2	17	Mañá	Compostela	



Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Destino	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus	Observacións
6	***6954**	Martínez Rodríguez, Manuel	Definitivo	PF000587	Posto base. Área de Xestión da Investigación	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
7	***1120**	Piñeiro González, Esther	Definitivo	PF000549	Posto base. Escola de Doutoramento Internacional da USC	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
8	***7049**	Rodríguez Gesto, Inés	Definitivo	PF000811	Posto base. Centro de Estudos Propios	C1/C2	17	Mañá	Compostela	
9	***9707**	Álvarez Boga, Ana Belén	Definitivo	PF000768	Posto base. Servizo de Xestión Académica	C1/C2	17	Mañá	Compostela	

